



I EDICIÓN

# HEMATO FESTI

FESTIVAL DE HUMOR &  
LITERATURA INFANTIL

6 — 10 NOVIEMBRE 2024

VIGO

PROGRAMACIÓN & ACTIVIDADES





**HEMATOFESTI** é un proxecto que nace para homenaxear a figura de Miguel Ángel López González, máis coñecido como o Hematocrítico. Unha iniciativa que ten como principal obxectivo render un cálido e merecido tributo ao seu imprescindible legado como escritor, mestre, tuitero, comunicador e autor de blogs humorísticos, resaltando a importancia do seu traballo no ámbito da literatura infantil e o entretemento



# CONVIDADXS

---

LEDICIA COSTAS

---

ALBERTO VÁZQUEZ

---

AMARAL

---

AMARO FERREIRO

---

ANAÍR RODRÍGUEZ

---

ANTONIO MANUEL FRAGA

---

ARANTXA AMATRIAIN

---

ARTURO GONZÁLEZ CAMPOS

---

AS TAREIXAS

---

BERTO ROMERO

---

CAROLINA IGLESIAS

---

CAXOTO

---

DANIEL LANDESA

---

DAVID RODRÍGUEZ

---

DIEGO ARBOLEDA

---

DJ XABI B.

---

EL MUNDO TODAY

---

EUGENIA ÁBALOS

---

EVA MEJUTO

---

IRIA MISA

---

IVAN R.

---

JESÚS FÉLIX SACRISTÁN

---

JOE CREPÚSCULO

---

JOHN TONES

---

LA RUINA

---

LAURA MÁRQUEZ

---

@LECTUREO

---

@LIBROS\_E\_LIBROS

---

LOIS PÉREZ

---

LUCÍA ALDAO

---

MANUEL BARTUAL

---

MANUEL BRAGADO

---

MAR VILLAR

---

MARCOS CALVEIRO

---

MARÍA LADO

---

MARÍA ORUÑA

---

MARÍA SOLAR

---

MARTÍN ROMERO

---

NACHO VIGALONDO

---

NICO PASTORIZA

---

NOEL CEBALLOS

---

NUS CUEVAS

---

PACO ROCA

---

PEDRO MAÑAS

---

PAVA

---

SARA CANO

---

TAMARA NOVOA

---

@THEBOOKISHBLANKET

---

TIGRES LEONES

---

TRILITRATE

---

@YALAVUELTALALUNA

---

VÍCTOR MASCATO

---

XABIER ROMERO

# MAPA DE UBICACIONES

- 1 Auditorio Municipal
- 2 MARCO
- 3 Espazo didáctico anexo MARCO
- 4 Sede da Deputación de Pontevedra
- 5 Teatro Salesianos
- 6 Auditorio Mar de Vigo
- 7 Librería Espazo Lector NOBEL Calvario
- 8 Librería Cartabón
- 9 Librería Libros para Soñar
- 10 Librería Librouro
- 11 Galería Maraca
- 12 Évame - Oroza
- 13 Ocean Rock Bar



6

4

9

12

11

1

10

2

3

5

13

8

7



# PROGRAMACIÓN



MÉRCORES



NOVEMBRO | 2024



Horario  
de mañá

## Autorxs visitan escolas **Pequenos Xigantes da Lectura**

16:00 h

MARCO - Planta Baixa  
Apertura do espazo  
**Gaming NINTENDO**

> Entrada libre por quendas ata completar aforo

17:00 h

Librería Libros para soñar  
**Sesión de contos con Caxoto**

> Aforo limitado: reservas en [www.hematofesti.com](http://www.hematofesti.com)

18:00 h

Librería LIBROURO  
**"Humor a primeira vista"**  
Obradoiro infantil de ilustración  
con **Iván R.**

> Aforo limitado: reservas en [www.hematofesti.com](http://www.hematofesti.com)

18:00 h

Auditorio Municipal

Presentación do festival:  
**«A forza de H»**

Con **Ledicia Costas,**  
**Alberto Vázquez**  
e **María Oruña**

18:30 h

Auditorio Municipal

Concerto de **Trilitrate**



FESTIVAL DE HUMOR &  
LITERATURA INFANTIL

XOVES

7

NOVEMBRO | 2024

10:30 h Auditorio Municipal  
**Final Pequenos Xigantes da Lectura**

16:00 h MARCO - Planta Baixa  
**Espazo *Gaming NINTENDO***  
> Entrada libre por quendas ata completar aforo

17:00 h Librería Cartabón  
**Sesión de contos con David Rodríguez**  
> Aforo limitado: reservas en [www.hematofesti.com](http://www.hematofesti.com)

17:30 h MARCO  
**«Rir e crear: cunha Nintendo nas mans desde 1990»**  
**Pedro Mañas e Leticia Costas**

19:00 h Sede da Deputación Provincial de Pontevedra en Vigo  
**Charla de Paco Roca**

**GALA HOMENAXE**

20:30 h Auditorio Mar de Vigo  
**HematoGala**  
Con Nacho Vigalondo, Lucía Aldao, Nus Cuevas, Amaral, Noel Ceballos, Carolina Iglesias, Laura Márquez, Joe Crepúsculo, PAVA e La Ruina.

ENTRADAS Á VENDA EN [WWW.HEMATOFESTI.COM](http://WWW.HEMATOFESTI.COM)



FESTIVAL DE HUMOR & LITERATURA INFANTIL

**VENRES**



**NOVEMBRO | 2024**

16:00 h	<b>MARCO - Planta Baixa</b> <b>Espazo Gaming NINTENDO</b> > Entrada libre por quendas ata completar aforo
17:00 h	<b>Galería Maraca</b> <b>"Un conto diferente" Obradoiro infantil de ilustración con Mar Villar</b> > Aforo limitado: reservas en <a href="http://www.hematofesti.com">www.hematofesti.com</a>
17:00 h	<b>Espazo Lector Nobel - Calvario</b> <b>Sesión de contos con David Rodríguez</b> > Aforo limitado: reservas en <a href="http://www.hematofesti.com">www.hematofesti.com</a>
18:00 h	<b>Librería Librouro</b> <b>Sesión de contos con Caxoto</b> > Aforo limitado: reservas en <a href="http://www.hematofesti.com">www.hematofesti.com</a>
19:00 h	<b>Sede da Deputación Provincial de Pontevedra en Vigo</b> <b>CIJE Afterwork</b> <b>A cultura tamén é economía</b> Con <b>Xabier Romero</b> (Editorial Elvira), <b>Víctor Mascato</b> (Triqueta Editora) e <b>Tamara Novoa</b> (revista A Movida)

## QUEREMOS HUMOR

📍 Teatro Salesianos


18:00 h	<b>«Los Hermanos podcast &amp; Co: especial The Hunter» e «Double Team»</b> Con <b>Nus Cuevas, Noel Ceballos, Berto Romero e Arturo González Campos</b>
19:00 h	<b>Hematocrítico de Arte</b> Con <b>Manuel Bartual</b>
20:00 h	<b>Masa enfurecida</b> Con <b>Noel Ceballos, Nacho Vigalondo e John Tones</b>
	<b>Colofón da xornada</b> <b>Amaro Ferreiro + Nico Pastoriza</b>

ENTRADAS Á VENDA EN [WWW.HEMATOFESTI.COM](http://WWW.HEMATOFESTI.COM)

SÁBADO



NOVIEMBRE | 2024

Todo o día	<b>MARCO - Planta Baixa</b> <b>Espazo Gaming NINTENDO</b> > Entrada libre por quendas ata completar aforo	
11:00 h	<b>Sede de Évame - Oroza</b> <b>Sesión de contos con Caxoto</b> > Aforo limitado: reservas en <a href="http://www.hematofesti.com">www.hematofesti.com</a>	
11:00 h	<b>MARCO</b> <b>Xogamos a <i>Porquelandia</i>? Con Iván R.</b> > Aforo limitado: reservas en <a href="http://www.marcovigo.com">www.marcovigo.com</a>	
12:00 h	<b>Librería Cartabón</b> <b>"Creación de piratas de risa"</b> <b>Obradoiro infantil de ilustración con Eugenia Ábalos</b> > Aforo limitado: reservas en <a href="http://www.hematofesti.com">www.hematofesti.com</a>	

## QUEREMOS LITERATURA INFANTIL

📍 Sede da Deputación Provincial de Pontevedra en Vigo

10:00 h	<b>Presentación da Xornada</b> <b>Ledicia Costas e Alberto Vázquez</b>	
10:30 h	<b>«A experiencia de editar libros infantís»</b> <b>Marcos Calveiro (Editorial Galaxia), Jesús Félix Sacristán (Nórdica Libros) e Arantxa Amatriain (Editorial Elvira). En colaboración coa AGE</b>	
11:00 h	<b>«Galicia, potencia LIX»</b> <b>Antonio M. Fraga, Eva Mejuto e María Solar</b>	
11:30 h	<b>Pausa Café</b>	
12:15 h	<b>«Libros e risas: escribir e editar literatura para crianzas»</b> <b>Diego Arboleda e Sara Cano</b>	
13:00 h	<b>«<i>Caramomia</i> ou como escribir un libro a oito mans»</b> <b>María Lado, Daniel Landesa e Martín Romero</b>	

SÁBADO



NOVIEMBRE | 2024



**QUEREMOS LITERATURA INFANTIL**

📍 Sede da Deputación Provincial de Pontevedra en Vigo

16:00 h

**«Somos Bookstagrammers:  
divulgar literatura infantil»****@yalavueltalaluna @libros\_e\_libros  
@thebookishblanket e @lectureo**

17:30 h

**“Últimas novedades de  
Hematocrítico”****Diego Arboleda, Mar Villar, Alberto  
Vázquez, Víctor Mascato, Anair Rodríguez  
e Jesús Félix Sacristán**

18:00 h

**«Benvida a Galicia,  
Anna Kadabra!»****Pedro Mañas, Víctor Mascato.  
Modera Eva Mejuto.**

19:00 h

**Premio de Honra  
«Lenda do recreo»  
para Manuel Bragado****Iria Misa, Lois Pérez e As Tareixas****Entrega do 1º Premio para  
Álbum Ilustrado de Humor  
“Humor con H”****Clausura**

22:00 h

Ocean Rock Bar

**Hematofesta****Tigres Leones e****DJ Xabi B & Nus Cuevas**

&gt; Atentx aos sorteos de entradas nas nosas redes! Só con convite!

DOMINGO

10

NOVEMBRO | 2024

10:00 a  
14:00 h

MARCO - Planta Baixa

## Espazo *Gaming NINTENDO*

> Entrada libre por quendas ata completar aforo

11:30 h

MARCO

## Xogamos a *Porquelandia?* Con Iván R.

> Aforo limitado: reservas en [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com)

12:30 h

Évame Oroza

## Sesión de contos con David Rodríguez

> Aforo limitado: reservas en [www.hematofesti.com](http://www.hematofesti.com)



FESTIVAL DE HUMOR &  
LITERATURA INFANTIL



**Hematocrítico Ilustrado** é a exposición coa que o Concello da Coruña, en colaboración co Hemato Festi, contribúe neste especial momento onde rendemos tributo, no mes do aniversario do seu falecemento, ao inmenso legado como escritor de Miguel Ángel López González, Hematocrítico, resaltando especialmente o seu impacto no ámbito da literatura infantil e o entretemento.

Esta exposición non só celebra o talento dun autor irrepitible, senón que tamén convida (como el fixo) á reflexión sobre o papel fundamental que a literatura e a ilustración desempeñan na formación de pensamentos críticos e creativos na sociedade contemporánea.

**Hematocrítico Ilustrado** configúrase a través das ilustracións que acompañan as narrativas das súas obras, brindando unha perspectiva única e orixinal sobre o seu labor editorial. Conta cunha singular colección de creacións de destacados ilustradores e ilustradoras que traballaron man con man con Hematocrítico: Alberto Vázquez, Mar Villar, Paco Roca, Eugenia Ábalos, Olga Capdevila, Albert Monteys, Martín Romero, Laura Árbol e Cyntia Hierro, achegando as súas visións creativas para enriquecer o Universo Hematocrítico.

**Hematocrítico Ilustrado** é unha experiencia visual e lúdica, destinada a un público diverso e amplo:

A exposición complétase cunha sección dedicada a El Hematocrítico del Arte (o seu primeiro éxito editorial) que reflicte o seu perfil nas redes e blogs da internet, e cun espazo didáctico para os máis pequenos, onde poderán practicar a súa escrita a través de divertidos exercicios. Ademais, a mostra está concibida como unha gran "Biblioteca Hemato", onde os visitantes terán a oportunidade de gozar dos seus enxeñosos contos.

**HEMATOCRÍTICO ILUSTRADO ESTARÁ EN PALEXCO  
DESDE O 5 DE NOVEMBRO ATA O 6 DE XANEIRO**



# ACTIVIDADES



## PEQUEÑOS XIGANTES DA LECTURA

DÍAS 6 E 7

Certame de lectura en voz alta que leva organizándose con notable éxito en Francia desde 2012. En España levan dúas edicións onde participaron miles de escolares. Nenas e nenos de 4º de Primaria len en voz alta un extracto dunha obra infantil. Quen mellor lea é escollido por alumnado de 5º e 6º de Primaria. Logo, organizanse varias rondas ata chegar á gran final, que se celebra na Feira do Libro de Madrid. Este ano imos facer un piloto no marco do HematoFesti, implicando oito escolas de Vigo e comarca. O neno ou nena gañadora, acudirá á Feira do Libro de Madrid para competir na gran final. Este feito supón a incorporación da lingua galega a esta iniciativa.

## ESPACIO GAMING NINTENDO

DÍAS 6, 7, 8, 9 E 10

Abre as portas este espazo que ofrece Nintendo para que todos os públicos poidan gozar dos seus videoxogos.

## SESIÓN DE CONTOS CON CAXOTO

DÍAS 6, 8 E 9.

Caxoto é un contador de Cervo que leva vinte anos sobre os escenarios. Preparou unha peza con *Barbavoa*, unha obra infantil de Hematocrítico publicada por Nórdica Libros. A súa versión en galego chegará a librarías coincidindo co festival.

## PRESENTACIÓN DO FESTIVAL. «A FORZA DE H»

DÍA 6 | 18:00 h | AUDITORIO MUNICIPAL

Ledicia Costas e Alberto Vázquez presentan a programación do HematoFesti e explican o espírito deste festival. Intervención da escritora e amiga María Oruña.



## CONCERTO DE TRILITRATE

DÍA 6 | 18:30 h | AUDITORIO MUNICIPAL

Trilirate é unha agrupación musical que combina os xéneros folk, clásico e contemporáneo, para explorar novos territorios sonoros inspirándose en diversas paisaxes musicais e períodos históricos. É un proxecto multidisciplinar que combina unhas fermosas pezas visuais influenciadas pola animación clásica e realizadas en directo.



## SESIÓN DE CONTOS CON DAVID RODRÍGUEZ

DÍAS 7, 8 e 10

Autor de varios libros infantís, David Rodríguez montou unha peza co libro de Hematocrítico *Feliz Feroz*, da que gozaron o curso pasado nas escolas galegas e que agora tamén terá presenza no HematoFesti.



## «RIR E CREAR: CUNHA NINTENDO NAS MANS DESDE 1990»

DÍA 7 | 17:30 h | MARCO

Pedro Mañas e Ledicia Costas, dous dos autores máis relevantes da Literatura Infantil, conversan arredor da creación, a diversión e os videoxogos no Espazo *Gaming Nintendo*.

## PACO ROCA

DÍA 7 | 19:00 h

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO

É un dos artistas máis relevantes do panorama nacional. No ámbito da banda deseñada, a súa obra foi traducida a numerosas linguas. É imposible seleccionar unha mancha de obras na súa extensa e relevante bibliografía, que conta con 29 títulos. O mesmo acontece cos recoñecementos acadados polo autor, que recibiu galardóns coma o Premio Nacional

de Cómico 2008, entre outros moitos de ámbito nacional e internacional. Algúns dos seus libros foron levados ao audiovisual, como é o caso de Arrugas (2007), que en 2011 foi dirixido por Ignacio Ferreras e recibiu os Goya á mellor película de animación e o mellor guión adaptado. En 2021, Alejandro Amenábar adaptou El tesoro del Cisne Negro a unha miniserie e en 2024 Alex Montoya estreou a adaptación cinematográfica de La casa. Tamén en 2024 estreouse en TVE o documental sobre o autor Dibujando la vida, dirixido por Batiste Miguel.

## GALA HOMENAXE

DÍA 7 | 20:30 h | AUDITORIO DO MAR DE VIGO

Gala de humor e música dedicada á figura de Hematocrítico. Conducida polo director de cine Nacho Vigalondo e a poeta Lucía Aldao. Contará coa intervención de Amaral, Noel Ceballos, Carolina Iglesias, Laura Márquez, Joe Crepúsculo, PAVA e La Ruina.

## NUS CUEVAS

Programadora de humor no HematoFesti e directora da HematoGala. Compositora de BSOS que xoga a videoxogos desde antes de saber ler e que ten sinestesia. Traballou para marcas como Playstation ou Netflix e actualmente traballa en Sony Music como manager de estratexia de artistas. A súa gran paixón é a creación de podcast e facer directos nos que falar de cultura, videoxogos e temas non virais que puideron ser virais, pero pasaron desapercibidos. E escribiu ao director da RAE para reclamar o acento diacrítico.



## NOEL CEBALLOS

Programador de humor no HematoFesti. Xornalista e escritor, traballa como redactor xefe na revista GQ e colaborou en medios como Fotogramas, El Confidencial, S Moda ou PlayStation Magazine. Tamén traballou como guionista en TCM, Paramount Channel e Calle 13. Ten publicados libros como Internet Safari (Blackie Books) ou El pensamiento conspiranoico (Arpa).





## MAR VILLAR

DÍA 8 | 17:00 h | GALERÍA MARACA

Estudou Belas Artes en Altea e Salamanca. Autora das ilustracións de numerosas obras para público infantil, ilustrou varios volumes de Hematocrítico da colección *O bosque dos contos: Alcaldesa Vermella, Misión Princesa...*



## AFTERWORK CON CIJE A CULTURA TAMÉN É ECONOMÍA

DÍA 8 | 19:00 h

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO

Tres figuras viguesas de gran relevancia no ámbito da empresa e a divulgación cultural compartirán unha hora cxs emprendedorxs de Vigo para reflexionar en común acerca do valor da produción cultural na economía. Hematocrítico foi un exemplo neste sentido: a súa capacidade de influencia levouno a colaborar profesionalmente con grandes axencias de comunicación e empresas como Nintendo ou Roche, entre moitas.

## LOS HERMANOS PODCAST & CO: ESPECIAL THE HUNTER

DÍA 8 | 18:00 h | TEATRO SALESIANOS

Durante o confinamento, Fran Rivera escribiu unha novela en Instagram. Los Hermanos Podcast analizaban cada entrega con entusiasmo. Cando se relaxaron as medidas e nos permitiron saír de novo á rúa, Fran Rivera abandonou o proxecto. A novela nunca foi rematada. Nus Cuevas, Noel Ceballos, Berto Romero e Arturo González Campos buscarán un final para esa obra tan especial da literatura española.

«Double Team»: existe unha web de dobres de famosos que é unha porta aberta á imaxinación. A imaxinación que hai que botarlle para adiviñar a quen se parecen todas esas persoas que afirman ser idénticas a estrelas do mundo do cine, da música, da televisión... Adiviña quen é quen!

## EL HEMATOCRÍTICO DE ARTE

DÍA 8 | 19:00 h | TEATRO SALESIANOS

Foi a obra que fixo popular a Hematocrítico. Ofrecía títulos alternativos para obras de arte clásica. O seu editor Manuel Bartual, fará un percorrido polos títulos máis icónicos desta xenialidade da comedia española.

## MASA ENFURECIDA

DÍA 8 | 20:00 h | TEATRO SALESIANOS

Foi un fenómeno de Twitter. Unha das contas máis populares en España, que pechou cando a rede social lle obrigou a proporcionar un número de teléfono. Nunca se soubo quen estaban detrás de Masa Enfurecida... ata hoxe.

## PORQUELANDIA

DÍAS 9 E 10 | MARCO

É un xogo que dispara a creatividade. Unha baralla de cartas pensada para fomentar a imaxinación desde a diversión e o humor. É un xogo para crear historias a partir de personaxes colocados nas situacións máis disparatadas. Diseñado por Leticia Costas e Iván R.

## EUGENIA ÁBALOS

Naceu en Mendoza, Arxentina, pero vive en Madrid. Licenciada en Deseño Gráfico pola Universidade Nacional de Cuyo (Mendoza). Ilustrou textos de autores clásicos coma Chéjov, Dostoievsky, Wilde ou Balzac. É a ilustradora da obra de Hematocrítico Barbavoa, editada por Nórdica.

## «A EXPERIENCIA DE EDITAR LIBROS INFANTÍS»

DÍA 9 | 10:30 h |

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO

Marcos Calveiro (Editorial Galaxia), Jesús Félix (Nórdica)



Libros) e Arantxa Amatriain (Editorial Elvira). Un editor e unha editora galegas e un editor do sistema literario en castelán narrarán como é o oficio de editar libros infantís.

### « GALICIA, POTENCIA LIX »

DÍA 9 | 11:00 h

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO

Antonio M. Fraga, Eva Mejuto e María Solar: tres das autoras mais relevantes do panorama literario galego dialogan sobre o oficio de escribir libros infantís: as súas obras, os premios, o humor... Tres carreiras literarias entregadas á literatura infantil.

### « LIBROS E RISAS: ESCRIBIR E EDITAR LITERATURA PARA CRIANZAS ».

DÍA 9 | 12:15 h

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO

Con Diego Arboleda e Sara Cano: o Premio Nacional de Literatura Infantil Diego Arboleda (autor de obras tan emblemáticas como *Prohibido leer a Lewis Carroll* ou *Lupas y Nanai*), en conversa con Sara Cano (autora e editora de libros infantís, escribiu, entre outras, a mítica serie *La Guerra de Sexto A*).



### « CARAMOMIA OU COMO ESCRIBIR UN LIBRO A OITO MANS »

DÍA 9 | 13:00 h

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO

Con María Lado, Daniel Landesa e Martín Romero. *Caramomia* é unha obra escrita durante o confinamento por Hematocrítico, Daniel Landesa, María Lado e Leticia Costas e ilustrada por Martín Romero. Os autores conversarán sobre a experiencia de escribir esta novela infantil e conseguir conservar a amizade a día de hoxe.

## « SOMOS BOOKSTAGRAMMERS: DIVULGAR LITERATURA INFANTIL »

DÍA 9 | 17:00 h

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO

Os catro son usuarios de Instagram, amantes da literatura infantil e fan un extraordinario labor de divulgación.

@yalavueltalaluna @libros\_e\_libros @thebookishblanket e @lectureo contarán como é ser bookstagrammer.

## ÚLTIMAS NOVIDADES DO HEMATOCRÍTICO

DÍA 9 | 17:30 h

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO

Diego Arboleda, Mar Villar, Alberto Vázquez, Víctor Mascato, Jesús Félix e Anaír Rodríguez (colegas, ilustradorxs, editorxs...) farán un percorrido polos últimos libros publicados por Hemato.

## « BENVIDA A GALICIA, ANNA KADABRA! »

DÍA 9 | 18:00 h

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO

O fenómeno de vendas *Anna Kadabra* chega a Galicia da man de Triqueta Verde Editora. O seu autor Pedro Mañas conversará con Víctor Mascato, o editor e tradutor da saga para o galego. Moderados pola escritora Eva Mejuto.

## PREMIO DE HONRA «LENDA DO RECREO» PARA MANUEL BRAGADO

DÍA 9 | 19:00 h

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO

Manuel Bragado, editor e mestre, entregou a súa vida á edición de libros. Un editor honesto, impecable e coidadoso que sempre soubo cal era a súa misión: acompañar as autoras e autores. Un home a quen queremos render

homenaxe desde o HematoFesti polo seu labor a prol da literatura infantil e pola súa tremenda xenerosidade. Coa intervención da escritora Iria Misa, que lerá a laudatio, e do poeta Lois Pérez. Despois, o grupo infantil As Tareixas presentará algunhas das súas cancións.

## ENTREGA DO PREMIO « HUMOR CON H »

DÍA 9 | 19:00 h


DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO

Farase entrega do 1º Premio de álbum ilustrado Humor con H á persoa gañadora.

## HEMATOFESTA

DÍA 9 | 22:00 h | OCEAN ROCK BAR

Noite de festa cun concerto da banda Tigres Leones e sesión DJ con Xabi B + Nus Cuevas.





PATROCINAN



COLABORAN



MEDIA PARTNER

